



Galicia, Aragón, Asturias, Castilla y León, Castilla-La Mancha e Extremadura piden ao Goberno que lidere unha estratexia nacional sobre o cambio demográfico



- ▶ Estas seis comunidades acordaron trasladar o debate demográfico ao Congreso e ao Senado impulsando unha proposición non delei na Cámara baixa e a presenza destas autonomías na ponencia sobre despoboación creada no Senado
- ▶ Impulsarase a creación dun "lobby" no seo da Rede europea de rexións con desafíos demográficos
- ▶ Proporase a presentación dun ditame conxunto, por parte das seis comunidades autónomas, no Comité das Rexións

Constituída a Axencia Galega de Servizos Sociais e o seu Consello Reitor



- ▶ A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu a constitución deste novo ente que unificará todos os recursos humanos e materiais da Xunta no eido social, que aglutinará a 300 centros e máis de 4.500 traballadores
- ▶ A Axencia, que integrará o Consorcio de Igualdade e Benestar, evitará duplicidades e mellorará a eficiencia e a optimización dos servizos públicos de benestar, agrupándoos baixo os mesmos criterios de calidade e incrementando a súa especialización

Os autónomos galegos disporán de incentivos de ata 7.000 euros polas contratacións indefinidas que realicen

- ▶ A orde, publicada no DOG, incentiva tanto a primeira contratación indefinida, como a segunda e a terceira, unha novidade que se introduciu o ano pasado e que se mantén neste exercicio
- ▶ As axudas contarán cun orzamento total de 3 millóns de euros.

Feijóo anuncia unha ampliación de ata 4,1 millóns do orzamento para formación dual que permitirá a formalización de 750 contratos

- ▶ Destaca que, por primeira vez, poderán beneficiarse destas axudas as entidades locais que realicen contratacións de formación e aprendizaxe.

Sumario

Política social	2-5	Informe do paro rexistrado	14
Traballo e economía social	6-11	Xuventude e voluntariado	15
Sinistralidade laboral	11	Publicacións	16-18
Emprego e formación	12-14	Normativa	18-24

Créditos

Edita: Consellería de Trabajo e Benestar
Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
Coordinación: Pepa Dabán Royo
Maquetación: Antonio Lameiro Ces
ISSN: 2254-7835

Informe do paro rexistrado

O paro baixa en xuño en 11.134 persoas en Galicia, o maior descenso intermensual da serie histórica desde 1996 en termos absolutos

Galicia, Aragón, Asturias, Castilla y León, Castilla La Mancha e Extremadura piden ao Goberno que lidere unha estratexia nacional sobre o cambio demográfico

- ▶ Estas seis comunidades acordaron trasladar o debate demográfico ao Congreso e ao Senado impulsando unha proposición non de lei na Cámara baixa e a presenza destas autonomías na ponencia sobre despoboación creada no Senado
- ▶ Impulsarase a creación dun "lobby" no seo da Rede europea de rexións con desafíos demográficos
- ▶ Proporase a presentación dun ditame conxunto, por parte das seis comunidades autónomas, no Comité das Rexións
- ▶ Estas foron as principais conclusións do III Encontro interterritorial celebrado en Mérida, no que participou a conselleira de Traxectoria e Benestar, Beatriz Mato
- ▶ Mato avanzou que Galicia creará un observatorio en materia demográfica e que abordará coa Fegamp a necesidade dun maior apoio ás familias por parte dos servizos sociais municipais



Mérida (Badaxoz), 30 de xuño de 2014.- Os gobernos autonómicos de Galicia, Aragón, Asturias, Castilla-La Mancha, Castilla y León e Extremadura acordaron demandar á Vicepresidencia do Goberno do Estado unha reunión para abordar as necesarias accións que se derivan do cambio demográfico que se está producindo en España, das que estas rexións constitúen un indicador adiantado. Neste sentido, tense solicitado a creación dun grupo de traballo que, liderado polo Goberno de España,

inicie os pasos necesarios para culminar a elaboración dunha Estratexia nacional polo cambio demográfico e do que formen parte tanto as comunidades autónomas nas que os retos demográficos son máis acentuados, como os municipios, a través da Federación Española de Municipios y Provincias. Este é un dos acordos adoptados no terceiro Encontro Interterritorial polo Cambio Demográfico, celebrado na sede da Presidencia do Goberno de Extremadura en Mérida.

Ademais, estas seis comunidades autónomas teñen decidido, igualmente, activar a proposición non de lei sobre o desafío demográfico no Congreso dos Deputados e solicitar a súa presenza na ponencia sobre despoboación creada no Senado o pasado 8 de abril. Tamén se propuxo a creación dunha plataforma ou "lobby" no seo da Rede europea de rexións con desafíos demográficos co obxectivo de sumar esforzos para incluír os parámetros das comunidades autónomas con

problemas demográficos na avaliación da Estratexia 2020, aberta a consulta pública ata o próximo mes de outubro. No Foro tamén se decidiu concretar reunións cos novos comisarios responsables, e coas comisións relevantes do parlamento tras as recentes eleccións europeas. O obxectivo é que o reto demográfico sexa prioritario nos programas de financiamento de cara á Estratexia Europea 2020, partindo do Acordo de asociación de España coa Unión Europea para o período 2014-2020, que

prevé que se incorporen medidas relativas ao cambio demográfico durante os próximos anos.

Estas seis comunidades autónomas mostran un saldo vexetativo e unha taxa de natalidade inferiores á media de maneira sostida durante os últimos anos, alta mortalidade, descenso de poboación, abandono de zonas rurais en favor das grandes e medianas cidades; todo isto acompañado dun alto índice de envellecemento e taxa de dependencia, e redución da poboación activa e da poboación de menos de 16 anos.

As proxeccións de poboación elaboradas polo Instituto Nacional de Estadística (INE) indican unha perda progresiva de habitantes nas próximas décadas, especialmente entre a poboación en idade laboral. En 2013 os nacementos caeron en España por quinto ano consecutivo, e o crecemento vexetativo da poboación é agora o máis baixo rexistrado desde o ano 2000.

O cumio demográfico de Mérida contou coa presenza da conselleira de Traxectoria e Benestar de Galicia, Beatriz Mato; do conselleiro de Facenda e

Administración Pública do Goberno de Extremadura, Clemente Checa; de Política Territorial e Interior do Goberno de Aragón, Antonio Suárez; Presidencia e portavoz do Goberno de Asturias, Guillermo Martínez; Presidencia e Portavoz da Xunta de Castilla y León, José Antonio de Santiago-Juárez; e a directora xeral de Desenvolvemento de Estratexia Económica, María Teresa Giménez.


As rexións tamén decidiron proseguir coas reunións periódicas de seguimento e levar a cabo un novo Encontro interterritorial en Cuenca.

Accións en Galicia

A conselleira de Traxectoria e Benestar, Beatriz Mato, aproveitou a súa intervención para destacar as novas medidas que está a deseñar este departamento autonómico, que se sumarán a todas as accións que xa se desenvolveron ata agora.

Así, citou que se convocará un encontro coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) co fin de que os servizos sociais de competencia municipal tamén presten un

http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/PLAN_DINAMIZACION_DEMOGRAFICA_DE_GALICIA_2013-2016_V2.pdf



apoyo especial ás familias.

Ademais, iniciaranse os trámites para crear un observatorio galego de dinamización demográfica, de carácter transversal, que conte tamén coa participación dos axentes sociais. Este ente será un instrumento importante de cara a avanzar nas medidas de conciliación, que é "sen dúbida" unha das cuestións vinculadas ao impulso á natalidade e á infancia.

Xa por último, e como terceira actuación novidosa, Galicia

propón a presentación dunha candidatura para un proxecto de cooperación en materia de dinamización demográfica xunto a Portugal, que se desenvolverá no marco da nova convocatoria do POCTEP 2014-2020. Neste proxecto poderanse incluír, entre as súas actividades e obxectivos a elaboración de ferramentas conxuntas, accións de sensibilización, intercambios de boas prácticas, accións formativas e informativas ou a posta en marcha de experiencias piloto en empresas, entre outras.

<http://www.poctep.eu/index.php>



<http://www.proxectosymbios.eu/>



Benestar financia con máis de 3 millóns medio centenar de escolas infantís de iniciativa social que ofertan 2.700 prazas

- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar resolveu a convocatoria destas axudas destinadas a aquelas entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, que estean inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais
- ▶ As axudas cobren custos de persoal, de alimentación e outros gastos xerais de mantemento
- ▶ As escolas que reciben subvención deben adaptar os seus prezos aos máximos establecidos na normativa dos centros de titularidade pública.

Santiago, 1 de xuño de 2014.

A Consellería de Traballo e Benestar resolveu as axudas ás escolas infantís de iniciativa social sen ánimo de lucro coas que se financiarán 2.700 prazas de 0-3 anos. En concreto, preto de medio centenar destas entidades resultaron beneficiarias destas subvencións ás que o Goberno galego destinou este ano preto de 3 millóns de euros.

Os destinatarios destas subvencións foron, ao igual que outros anos, aquelas entidades que estean inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

Estas axudas ocúpense de sufragar custos de persoal, de alimentación, así como outros gastos xerais de mantemento. É preciso lembrar, ademais, que a convocatoria deste ano se adiantou con respecto aos anteriores.

Incremento de prazas

Esta liña de axuda vén complementar a oferta da rede pública dependente do Goberno galego, xa que presta o seu servizo nas mesmas condicións que estes centros. O Goberno galego ten marcado como obxectivo aumentar as prazas para nenos e nenas de 0-3 anos, como unha das principais medidas para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar. É, ademais, un dos obxectivos principais fixados no Plan de dinamización demográfica, aprobado no Parlamento galego.

A oferta total da Xunta para o curso 2014/2015 ascende a 8.750 prazas en 148 escolas

infantís, o que supón un incremento do 61,14 por cento con respecto a abril de 2009, cando había en Galicia 5.430 prazas de 0-3 anos. En relación ao curso anterior son en total 123 novas prazas.

A planificación da Consellería de Traballo e Benestar inclúe actualmente un total de 25 novas escolas infantís das que 13 xa están en tramitación (en obras, teñen a obra adxudicada ou están en trámites para que as obras comecen proximamente).

En total, en Galicia, a oferta de prazas 0-3 sostidas con fondos públicos (escolas autonómicas, municipais, de iniciativa social, doutras entidades e cheque infantil) ascende a 19.201.

A Xunta salienta o compromiso no acceso ao deporte das persoas con discapacidade

Santiago, 18 de xuño de 2014.

O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, salientaron o compromiso do Goberno galego no acceso ao deporte das persoas con discapacidade

Alfonso Rueda e Beatriz Mato acudiron ao acto de clausura do Curso de Vela Adaptada 2013-2014, que tivo lugar no Monte Real Club de lates de Baiona.

Rueda relatou que o Goberno galego está a renovar a Lei de accesibilidade que leva vixente máis de 15 anos, intentando dar solucións a problemas moi básicos do colectivo de persoas con discapacidade. Ademais, lembrou que no último ano se asinou un convenio para mellorar a accesibilidade dos colexios electorais, para garantir o dereito

fundamental ao voto, poñendo tamén en marcha iniciativas para que as persoas con discapacidade auditiva poidan contactar co servizo de emerxencias do 112.

Na mesma liña, o titular da vicepresidencia destacou que o acceso ás actividades deportivas estivo durante moito tempo excluído das prioridades nas políticas de discapacidade, e que agora o deporte é un dos eixes do primeiro Plan de acción integral para persoas con discapacidade. Igual que cando se renovou a Lei do deporte, onde se incluíu un artigo específico para contemplar o fomento da actividade deportiva neste colectivo.

Pola súa banda, a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, destacou que o labor que vén desenvolvendo o 'Monte Real Club de lates Baiona e as entidades que traballan coas



O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato asistiron á clausura do Curso de Vela Adaptada 2013-2014 no Monte Real Club de lates de Baiona

persoas con discapacidade do Val Miñor contribúe a facer de Galicia "unha sociedade máis inclusiva e cun maior nivel de benestar".

A titular de Benestar destacou que un dos obxectivos do Goberno galego é acadar que a práctica deportiva sexa accesible para todos os galegos e galegas e, neste senso, lembrou que a Consellería de Traballo e

Benestar converteu o deporte nun dos dez eixos operativos do Plan de acción integral para a discapacidade. Tamén lembrou que a Xunta está a executar o Plan galego para o fomento da actividade física, 'Galicia saudable', unha estratexia que contempla a discapacidade de maneira transversal e inclúe medidas de integración específicas para este colectivo.

Constituída a Axencia Galega de Servizos Sociais e o seu Consello Reitor



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu a constitución deste novo ente que unificará todos os recursos humanos e materiais da Xunta no eido social, que aglutinará a 300 centros e máis de 4.500 traballadores

Santiago, 27 de xuño de 2014.

A Xunta constituíu a Axencia Galega de Servizos Sociais e o seu Consello Reitor, un ente que aglutinará, ao remate de todo o proceso de integración, un total de 300 centros e máis de 4.200 traballadores e traballadoras. Converterase, polo tanto, na Axencia máis grande e complexa de todas as que dependen da Administración autonómica, tanto polo número de centros con que contará, como pola disparidade de servizos que se prestarán. O novo ente unificará, polo tanto, a meirande parte dos recursos dos que dispón o Goberno galego para prestar os servizos sociais.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu en Santiago a constitución deste novo ente que, segundo afirmou, converterase "nunha excelente ferramenta" para a eficiencia e a optimización dos servizos públicos de benestar de Galicia. Coa constitución da Axencia, estase a dar cumprimento ao previsto na Lei de servizos sociais de 2008 e culmínase un longo e complexo proceso iniciado en xullo de 2010 coa aprobación por parte da Asemblea do Consorcio da súa integración na Axencia.

Principais vantaxes e proceso

A titular de Benestar explicou que as principais vantaxes da Axencia serán evitar duplicidades a través da xestión integral de todos os recursos de benestar; agrupar todos os servizos sociais baixo os mesmos criterios de calidade; dar continuidade á liña de racionalización acometida desde a Administración autonómica; e, por último, incrementar a especialización dos servizos sociais. Neste senso, Mato matizou que a Axencia avanzará da man das novas carteiras de servizos sociais (dependencia, persoas autónomas, inclusión, familia e infancia), que tamén apostan pola especialización, ofrecendo novos servizos e máis axeitados ás súas verdadeiras necesidades.

A integración dos centros e recursos na Axencia farase de forma progresiva e gradual para non afectar nin a súa xestión nin os usuarios. Así, tras o acto da súa constitución e da do seu Consello Reitor, o seguinte paso será a posta en funcionamento efectiva da Axencia, que terá lugar nun prazo máximo de tres meses a partir de hoxe, tal e como recolle o decreto de creación, publicado no DOG o pasado



4 de abril. Nese primeiro momento, integraranse no novo ente as 27 escolas infantís que na actualidade dependen da Dirección Xeral de Familia e Inclusión. Posteriormente, irá asumindo o resto de centros do Consorcio.

En 2015, tal e como sinalou Mato, todas as escolas infantís e centros do Consorcio deberían estar integrados na Axencia e, cando isto suceda, procederase, entón, á extinción do Consorcio. O último paso será a integración no novo ente do resto de servizos sociais dependentes da Consellería, que se realizará de xeito paulatino, dada a dimensión de recursos materiais e humanos.

Colaboración cos concellos

Mato afirmou que este proceso se fará en colaboración directa cos concellos, que seguirán tendo "un papel fundamental" na prestación dos servizos sociais en Galicia. Deste xeito, expuxo que as administracións locais participarán na nova Axencia a través de dous mecanismos básicos.

Por unha banda, a través da sinatura de convenios de colaboración coa propia Axencia. Deste xeito, o grao de implicación dos municipios virá determinado pola súa propia decisión e os concellos que así o desexen poderán seguir participando dentro da Axencia na xestión dos centros actualmente integrados no Consorcio.

Doutro lado, o Consello Reitor da Axencia, que é o órgano superior de Goberno do ente, contará con cinco representantes municipais, por proposta da Fegamp. Pola súa banda, a Administración autonómica contará con 11 representantes. "Isto quere dicir que os concellos van ter unha representación moi importante no órgano de Goberno da Axencia e, polo tanto, van ter voz e voto nas súas decisións", apuntou a conselleira.

En definitiva, Mato indicou que a nova Axencia contará "cos mellores profesionais" e, grazas a unha organización máis racional, ofrecerá "máis e mellores servizos aos cidadáns".

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140404/AnuncioCA05-270314-0003_gl.pdf



A Xunta destina 210.000 euros para apoiar as empresas de inserción laboral na contratación de persoas en risco de exclusión social

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica esta iniciativa que beneficiará as empresas de inserción laboral (EIL) de Galicia para a contratación de traballadores en procesos de inserción
- ▶ Vai dirixida a persoas desempregadas nas que concorren factores de exclusión co obxecto de proporcionar formación, emprego e habilidades sociais e laborais ás persoas desfavorecidas e socialmente máis vulnerables
- ▶ Esta ano incorpórase como novo suposto subvencionable as asistencias técnicas que permitan ás EIL reorientar a súa actividade empresarial.

Santiago, 23 de xuño de 2014.- A Consellería de Traballo e Benestar destinará 210.000 euros para promover a inserción socio-laboral das persoas en situación ou en risco de exclusión social mediante o establecemento de medidas de fomento das empresas de inserción laboral que teñan


centros de traballo en Galicia, co fin de que poidan cumprir a súa función social. O prazo para a presentación de solicitudes das axudas previstas nesta orde rematará o 30 de setembro.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica esta iniciativa que beneficiará as 10 empresas de

inserción laboral (EIL) existentes en Galicia para a contratación duns 40 traballadores. Estas empresas deben proporcionar aos traballadores medidas personalizadas de apoio e manter, en cómputo anual, un mínimo do 30% de empregados en proceso de inserción con respecto ao total do equipo.

O programa vai dirixido a persoas desempregadas nas cales concorren factores de exclusión co obxecto de proporcionar formación e emprego ás persoas desfavorecidas e socialmente máis vulnerables. As empresas de inserción laboral amplíanlles as posibilidades de acceder ao mercado laboral.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140623/AnuncioCA05-130614-0002_gl.pdf



Traballo promove a reserva de contratos públicos aos centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral

- ▶ A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, regula con carácter obrigatorio a reserva de contratos públicos a estes colectivos que traballan a favor das persoas con discapacidade e en risco de exclusión social.

Santiago, 2 de xuño de 2014.- A Consellería de Traballo e Benestar está a promover a obriga fixada na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, de reservar contratos públicos aos centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral.

Así, o director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, mantivo en Santiago unha xuntanza con responsables destas entidades, onde expuxeron aquelas actividades que están a desenvolver e que poden ser susceptibles de contratación administrativa.

O artigo 26 da Lei de racionalización do sector público autonómico regula esta obriga, onde se recolle que os órganos de contratación da Xunta e os demais entes do sector pública dela

dependentes deberán reservar a participación en determinados procedementos de adxudicación de contratos aos centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral, sempre que as prestacións do contrato estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade previstos nos seus estatutos ou regras fundacionais.

O importe global dos contratos reservados será determinado por cada entidade cun límite do 3 por cento e máximo do 5 por cento do importe dos contratos adxudicados no exercicio orzamentario anterior mediante contratos menores ou procedementos negocia-dos por razón da contía.

No artigo da Lei referido, relaciónanse os posibles obxectivos contractuais susceptibles de reserva, de modo que os órganos

de contratación coñezan o alcance dos servizos e prestacións que poden ser obxecto desta reserva.

Martiñá lembrou que os centros especiais de emprego e as empresas de inserción laboral son entidades que desenvolven unha actividade produtiva e cumpren unha dobre función: xerar emprego e contribuír á inserción sociolaboral dos colectivos con maiores dificultades, como son as persoas con discapacidade e as persoas de colectivos en situación ou risco de exclusión social.

Por unha banda, os centros especiais de emprego teñen por finalidade a integración do maior número de persoas con discapacidade e crean emprego adaptado aos condicionamentos e capacidades dos seus traballadores con discapacidade. Estes centros son fórmulas empresariais de emprego protexido que constitúen unha primeira aproximación ao mercado laboral para moitas persoas con discapacidade e, nalgúns casos, como os das persoas que sofren unha discapacidade máis severa,

son a súa principal posibilidade de incorporación. O cadro de persoal dos centros especiais de emprego debe estar constituído polo maior número de persoas traballadoras con discapacidade e, en todo caso, por un 70 por cento, polo menos.

Doutro lado, as empresas de inserción laboral teñen por obxectivo loitar contra as situacións de exclusión social, sendo a súa finalidade primordial a incorporación ao mercado laboral das persoas en risco ou en situación de exclusión social, proporcionándolles un traballo remunerado e a formación e o acompañamento necesarios para mellorar as súas condicións de empregabilidade e facilitarlles o acceso ao mercado laboral ordinario.

Martiñá destacou que a Xunta apoia na actualidade o mantemento de 1.834 postos de traballo para persoas con discapacidade en 114 centros especiais de emprego de Galicia e de 40 postos de traballo de persoas en situación de inserción laboral en 10 empresas desta tipoloxía.

Os autónomos galegos disporán de incentivos de ata 7.000 euros polas contratacións indefinidas que realicen

- ▶ A orde, publicada no DOG, incentiva tanto a primeira contratación indefinida, como a segunda e a terceira, unha novidade que se introduciu o ano pasado e que se mantén neste exercicio
- ▶ As axudas contarán cun orzamento total de 3 millóns de euros
- ▶ Esta orde ten por obxectivo favorecer a creación de novos empregos estables, contribuír á inserción laboral das persoas en desemprego e contribuír ao desenvolvemento dos autónomos.

Santiago, 12 de xuño de 2014.- Os autónomos galegos disporán de incentivos de ata 7.000 euros polas contratacións indefinidas que realicen. Así se contempla na orde publicada no Diario Oficial de Galicia, que conta cun orzamento total de 3 millóns de euros.

O obxectivo desta iniciativa é favorecer a creación de novos empregos estables, contribuír á inserción laboral das persoas en situación de desemprego e favorecer o desenvolvemento dos autónomos.

A convocatoria recolle axudas para a primeira contratación indefinida, pero tamén –e por segundo ano consecutivo– para a contratación do segundo e terceiro traballador nos tres primeiros anos de actividade dos autónomos.

Deste xeito, será subvencionable a primeira, segunda e terceira contratación indefinida inicial, sempre que con anterioridade á formalización destes contratos non se realizasen dúas ou máis contratacións indefinidas, agás que estas se

tivesen extinguido por dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou grave invalidez da persoas traballadoras.

Estas contratacións indefinidas do segundo e terceiro traballador contarán con incentivos entre os 5.000 e os 7.000 euros. Pola súa banda, no caso da contratación do primeiro traballador, as axudas oscilarán entre os 4.000 e os 6.000 euros.

O prazo para a presentación das solicitudes de axudas rematará o próximo 30 de setembro. Serán subvencionables as contratacións que se realicen desde o 1 de outubro de 2013 ata o 30 de setembro de 2014.

Estas axudas inscribíense na aposta do Goberno galego por apoiar o colectivo dos autónomos galegos. En 2014, a partida total destinada a este colectivo acada os 25 millóns de euros.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140612/AnuncioCA05-050614-0003_gl.pdf



Publicada no DOG a orde de incentivos para empresas de base tecnolóxica cun orzamento de 500.000 euros para axudas

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica esta orde coa que se dá un decidido pulo ao desenvolvemento de proxectos empresariais cunha clara orientación científica e tecnolóxica.

Santiago, 17 de xuño de 2013.- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a convocatoria de axudas para incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica. A esta liña de axudas destínanse 500.000 euros para a creación de 50 postos de traballo. O prazo de solicitude rematará a finais de setembro.

As iniciativas de emprego de base tecnolóxica teñen a súa orixe nos obxectivos estratéxicos da Unión Europea de conxugar a cultura de innovación e de empresa, pero, neste caso, cun enfoque dirixido, preferentemente, ao colectivo de investigadores e titulados universitarios de calquera área do coñecemento.

Desta maneira, dáse un decidido pulo ao desenvolvemento de proxectos empresariais cunha clara orientación científica e tecnolóxica, con perspectivas de negocio e, polo tanto, susceptibles de transformarse en empresa e de crear postos de traballo directo de alto nivel. Así, as destinatarias deste programa son as iniciativas de pequena dimensión que albergan un gran potencial de creación de emprego, de modo que os proxectos deste segmento poidan ter acceso ás mesmas prestacións institucionais das que xa dispoñen outras de maior tamaño.

Co fin de dotar o programa de todas as garantías de éxito que

precisan o desenvolvemento deste tipo de proxectos, a Consellería de Traballo e Benestar non se limita a deseñar un conxunto integral de incentivos económicos que faciliten o lanzamento e consolidación das iniciativas que cumpran os requisitos, senón que, pola súa vez, impulsa a colaboración das diferentes estruturas que xa existen: tanto a Xunta de Galicia, coma as tres universidades galegas e outras entidades vinculadas á innovación, á tecnoloxía e á iniciativa emprendedora.

A orde conta con diferentes modalidades de axuda: subvencións para a creación directa de emprego estable, de entre 4.000 e 7.000 euros; subvención para a contratación de persoal técnico de alta cualificación, do 40% dos custos salariais totais do traballador durante un máximo de doce mensualidades; apoio á fundación xerencial con ata 12.000 euros; subvención financeira de ata 6.300 euros por emprego estable creado; e axuda para o inicio e posta en marcha da actividade, de entre 24.000 e 60.000 euros.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140617/AnuncioCA05-110614-0001_gl.pdf



Mato e Miranda reúnen con representantes do Goberno cubano para exportar o modelo de cooperativismo galego e impulsar acordos de cooperación



estudar a elaboración dunha lei do cooperativismo". Así mesmo, destacou que constitúe "un modelo en perfecta consonancia co desenvolvemento local da economía da illa" e centrou a súa atención nas experiencias no sector agrario impulsadas pola mocidade, un eido no que Galicia conta tamén cunha ampla experiencia.

Así, o sector agrario aglutina o 30 por cento das cooperativas que existen en Galicia. Ademais, as cooperativas deste sector son as que contan co maior número de socios cooperativistas, que chegan a representar o 45 por cento do total. No que se refire ao eido puramente económico, as cooperativas agrarias galegas facturaron ao redor de 1.500 millóns de euros, o que supón o 7 por cento da facturación total do cooperativismo agrario español.

Mato salientou tamén que o modelo da economía social é unha fórmula empresarial que está demostrando unha "especial resistencia" á crise económica. Como exemplo, lembrou que no ano 2013 creáronse 64 cooperativas e 45 sociedades laborais.

Por esta razón, desde o Goberno galego estanse a impulsar diversas iniciativas de promoción do cooperativismo. Durante as xuntanzas, os representantes galegos expuxeron polo miúdo as distintas liñas de actuación existentes na materia.

Destacaron, entre outras, a creación da rede Eusumo, que permite ter unha rede de centros que prestan apoio e asesoramento directo en toda Galicia para fomentar a creación e consolidación de novas iniciativas.

Fixo tamén un percorrido polos distintos incentivos económicos existentes para fomentar o emprego nas cooperativas ou para impulsar novos proxectos

empresariais. En concreto, puxo en valor que este ano púxose en marcha por primeira vez unha axuda de ata 15.000 euros para os mozos e mozas que decidan crear unha cooperativa xuvenil na Comunidade.

Mato explicou tamén que se levan a cabo outras actuacións co fin de dar a coñecer este modelo e crear unha verdadeira "cultura cooperativa". Entre estas medidas, destacou a presenza dunha "aula móbil" que percorre Galicia divulgando esta fórmula empresarial; e as actividades de difusión e promoción do cooperativismo que se realizan nos centros educativos galegos destinadas aos máis novos.

Oficina do Historiador

A axenda oficial da conselleira de Traballo e Benestar e do secretario xeral de Emigración completouse cun encontro coa directora de Cooperación Internacional da Oficina do Historiador da Habana, Nelys García Blanco, que tivo como obxectivo abordar a posibilidade de abrir vías de colaboración.

Neste sentido, o seguinte paso será establecer as prioridades da Habana en materia de cooperación. Un dos eixos cos que se está a traballar especialmente é coas escolas obradoiro que permitan recuperar o patrimonio e, á vez, ofrecer unha formación mixta. Neste punto, desde a Consellería ofreceuse toda a colaboración en materia formativa porque a formación cualificada e certificada nos programas mixtos constitúe un dos avances e un dos eixos estratégicos do departamento galego.

Ademais, Miranda e Mato tamén mantiveron unha xuntanza co director xeral de Asuntos Bilaterais da Chancelaría cubana, Gerardo Peñalver.



- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, mantiveron reunións coa viceministra de colaboración internacional do Ministerio de Saúde, Marcia Cobas, e co director de Política Económica do Mincex, Raúl Becerra
- Os representantes do Goberno de Cuba manifestaron o seu interese por darlle un impulso ao cooperativismo, especialmente no sector agrario, industrial e de servizos

A Habana (Cuba), 7 de xuño de 2014.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, mantiveron unha xuntanza co director de Política Económica do Ministerio de Comercio Exterior (Mincex), Raúl Becerra, no que expuxeron o modelo cooperativo galego e as súas vantaxes, co fin de exportalo a este país.

Así mesmo, os responsables da Xunta de Galicia reuníronse coa viceministra de Colaboración Internacional do Ministerio de Saúde, Marcia Cobas, coa cal estudaron as posibles liñas de colaboración en materia sociosanitaria

para os galegos e descendentes de galegos residentes en Cuba.

A conselleira explicou que actualmente hai en Galicia máis de 1.200 cooperativas activas, con arredor de 90.000 socios, e que xeran uns 18.600 postos de traballo directos, o que supón que o 2 por cento dos ocupados galegos están vinculados a actividades de cooperativismo.

Pola súa banda, o director de Política Económica do Mincex, Raúl Becerra, mostrou especial interese por este "modelo de éxito" e indicou que "o cooperativismo e o seu impulso supón un obxectivo importante en Cuba neste momento, no que se está a

A xornada técnica previa ao Día do Cooperativismo analizará a fortaleza deste modelo que xa xera 18.650 postos de traballo

- Na actualidade existen na Comunidade Autónoma máis de 1.200 cooperativas que contan con 90.000 socios
- Desde o ano 2010 hai un crecemento sustentable destas sociedades
- As empresas de traballo asociado e as agrarias representan o 80 por cento do total
- Estes datos serán obxecto de análise o venres 4 de xullo, na actividade técnica que organiza a Consellería de Traballo e Benestar, previa á celebración o día 5 do Día Internacional do Cooperativismo, que este ano terá lugar na Coruña

Santiago 17 de xuño de 2014.- En Galicia existen na actualidade máis de 1.200 cooperativas que agrupan 90.000 socios e crean un total de 18.650 postos de traballo directos, o que representa o 2% da poboación ocupada, segundo datos extraídos polo Consello Galego de Cooperativas.

O tecido cooperativo galego está rexistrando un crecemento significativo ano a ano. Desde 2009 ata este mes de xuño, constituíronse un total de 255 cooperativas. Obsérvase ademais un lixeiro incremento entre os diferentes períodos anuais. En 2010 creáronse 42 cooperativas; en 2011 foron 48; en 2012 rexistráronse 58 novas altas; en 2013 foron creadas 64 sociedades; e no que levamos de ano xa se contabilizaron 43 novas empresas desta índole. A súa actividade xerou un volume de facturación de 2.435 millóns.

Estes datos serán obxecto de análise na xornada técnica que terá lugar o día 4 de xullo, previa á celebración o día 5 de xullo do Día Internacional do Cooperativismo, que organiza anualmente a Consellería de Traballo e Benestar. En concreto, analizarase a fortaleza desta fórmula empresarial ante as adversidades económicas e os seus retos de futuro no eido da atención e innovación social. Esta xornada terá lugar no centro Ágora da Coruña, ao igual que a tradicional gala de premios que será ao día seguinte.

O acto do venres, que reunirá a un amplo número de cooperativas galegas, ten como finalidade á análise da necesidade de crear unha maior conciencia sobre a contribución das empresas cooperativas ao desenvolvemento económico e social da comunidade, incidindo nas posibilidades de futuro que brinda este modelo empresarial.

Nesta edición poñeráse o foco nas posibilidades de actuación que ofrecen as cooperativas para articular a prestación dos servizos sociais nas súas distintas modalidades: asociando as persoas traballadoras e os usuarios para autoxestionar os servizos que precisan, así como investigando e apostando por novas formas de intervención social. En Galicia existen 31 cooperativas que prestan servizos sociais.

A colaboración na que se basea o traballo cooperativo e a súa flexibilidade ás necesidades e circunstancias de cada momento fai fortes a estas empresas ante as adversidades económicas actuais. O modelo cooperativo tamén é a forma elixida polos mozos con formación que apostan polo autoemprego e que se agrupan en cooperativas para dar saída ás súas iniciativas empresariais, dotadas de innovación na meirande parte dos casos.

Tipoloxía de cooperativas

As cooperativas de traballo asociado son as que máis medraron nos últimos anos,



<http://www.cooperativasdegalicia.com/>



representando o 51% das cooperativas activas en Galicia. O sector agrario aglutina o 30% das sociedades cooperativas de Galicia, sendo ademais as que contan co maior número de socios (45% do total). A facturación das cooperativas agrarias galegas incrementouse nun 13% nos últimos anos. Tamén medraron en número de socios e empregados.

Por detrás das cooperativas de traballo asociado e agrarias sitúanse as de vivendas (11%),

con 87 empresas activas, e as de transportistas, con 45 sociedades.

En canto á distribución xeográfica das cooperativas galegas, as provincias da Coruña e Pontevedra son as que presentan maior presenza de sociedades cooperativas, en consonancia co seu maior dinamismo empresarial. Na Coruña hai inscritas un total de 481 cooperativas e na provincia de Pontevedra contabilízanse un total de 348. Lugo conta 232 empresas cooperativas e Ourense con 177.

Traballo defende a responsabilidade social empresarial como un modelo “moderno, alternativo e emerxente”

- ▶ O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, inaugurou na Coruña a xornada ‘Corresponsables’ sobre RSE
- ▶ Martiñá lembrou que o departamento autonómico está a liderar a Rede Transrexional de RSE que ten como obxectivo prioritario fomentar a definición das novas vías de promoción deste ámbito por parte das administracións públicas cara ás pemes
- ▶ Martiñá destacou que a Xunta está a actualizar e optimizar o Observatorio Permanente de RSE para que se converta nun punto de encontro entre as empresas e as institucións neste ámbito
- ▶ O director xeral indicou que tamén se está a promover a RSE a través do programa ‘Start Up, Stand Up’, que se enmarca no programa europeo Enterprise 2020 e que está a desenvolver o departamento autonómico

A Coruña, 17 de xuño de 2014. - O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, destacou que a responsabilidade social empresarial (RSE) representa “un modelo moderno, alternativo e emerxente, que está comprometido coa nosa sociedade no seu conxunto e coas persoas que a conforman de maneira individual”.

Odilo Martiñá inaugurou na Coruña a xornada ‘Corresponsables’ sobre RSE. Na súa intervención lembrou que a RSE “non supón un gasto adicional senón só a aplicación dun modelo máis responsable de xestión”. Por iso, o departamento autonómico está a impulsala a través de diferentes medidas.

En primeiro lugar, Martiñá lembrou que o departamento autonómico está a liderar a

Rede Transrexional de RSE que ten como obxectivo prioritario fomentar a definición das novas vías de promoción deste ámbito por parte das administracións públicas cara ás pemes. Nesta rede, creada en 2012, participan, ademais de Galicia, o Goberno de Navarra, o Cabido de Tenerife e Uniminho, a Asociación do Val do Miño Transfronteirizo.

No campo da responsabilidade social empresarial, Martiñá indicou que o Goberno galego está a actualizar e optimizar o Observatorio Permanente de RSE para facelo máis proactivo e acorde coas necesidades reais das empresas e dos cidadáns e, en definitiva, para convertelo nun punto de encontro para as empresas e as institucións. O que se pretende, segundo explicou o director xeral, é consolidar o

posicionamento do Observatorio como referente da RSE en Galicia, reforzar o contido das súas actuacións e convertelo nunha plataforma para medir e avaliar o estado da RSE en Galicia.

Para levar a cabo esta iniciativa, estase a avanzar no grao de coñecemento da realidade empresarial galega en relación coa RSE; estanse a poñer en marcha mecanismos de formación e sensibilización, como cursos e seminarios, dirixidos ás empresas e aos seus traballadores; estanse a realizar proxectos de investigación e estudos nesta materia e a establecerse redes de traballo e diálogo tanto a nivel nacional como transfronteirizo; e, por último, estanse a promover novos espazos de diálogo entre a sociedade civil e as administracións públicas de forma que se avance no coñecemento e potencialidades da RSE.

Grupo de Representación Empresarial Galego

Así mesmo, no ámbito da responsabilidade social empresarial, Martiñá destacou que a Consellería de Traballo e Benestar está a impulsar a posta en marcha do proxecto ‘Grupo de Representación Empresarial Galego’, composto por 13 empresas punteiras en Galicia, que está

destinado a axudar ás Pemes na iniciación da RSE a través do asesoramento, o acompañamento e a experiencia destas 13 grandes empresas galegas. Ademais, a Xunta conta coa ferramenta Pro-RSE, dispoñible na páxina web da Consellería, para que as empresas galegas poidan de forma gratuita integrar as variables de RSE na xestión do seu negocio dunha maneira sinxela e gráfica.

Por último, o responsable da área autonómica destacou que a través do programa ‘Start Up, Stand Up’, que se enmarca no programa europeo Enterprise 2020 e que está a desenvolver o departamento autonómico, estase a promover a RSE, así como o emprego xuvenil e a formación dos traballadores e traballadoras de Galicia nas novas tecnoloxías. “Estamos a cimentar a RSE como un mecanismo de xestión empresarial de presente e, sobre todo, de futuro”, apuntou Martiñá, quen apoiou tamén no acto a guía específica de RSE no sector da madeira que desenvolveu a Consellería e que foi presentada hoxe. O sector da conserva, o téxtil e o de automoción xa contan con publicacións similares editadas polo departamento autonómico.

<http://rse.xunta.es/>



http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140625/AnuncioCA05-130614-0001_gl.pdf



Traballo lanza unha guía para a prevención de danos músculo-esqueléticos para as traballadoras do mar

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou esta ferramenta na entrega de diplomas ás participantes nos obradoiros de fisioterapia preventiva impartidos en once concellos de Galicia, que tivo lugar hoxe en Ribeira (A Coruña)
- ▶ A premisa fundamental desta guía é que a inmensa maioría dos accidentes e enfermidades profesionais son evitables mediante técnicas de prevención
- ▶ Para difundila contarase coa colaboración da Asociación Mar Seguro Galicia e as confrarías e estará dispoñible na páxina web do ISSGA
- ▶ Todas estas actuacións coas traballadoras do mar enmárcanse no Plan estratéxico de prevención de riscos laborais 2011-2014, que foi un dos primeiros acordos alcanzados no diálogo social
- ▶ Mato recordou que, fóra das actuacións do ISSGA, na Consellería entregáronse, a preto de 250 redeiras, os certificados de profesionalidade que recoñecen a súa experiencia en confección e mantemento de artes e aparellos



Ribeira (A Coruña), 19 de xuño de 2014. - O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar, editan unha guía de prevención de danos músculo-esqueléticos para as traballadoras do mar.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou esta ferramenta na entrega de diplomas ás participantes nos obradoiros de fisioterapia preventiva impartidos en once concellos de Galicia, que tivo lugar en Ribeira (A Coruña).

A titular de Benestar indicou que os trastornos músculo-esqueléticos, que poden estar provocados por sobreesforzos, posturas forzadas, repetición de movementos ou manipulación de cargas supoñen o risco máis frecuente para mariscadoras e redeiras. Neste sentido, a guía “configúrase como un instrumento escrito e audiovisual (libro e DVD) que apoia e facilita a formación e a prevención neste tipo de situacións”.

A premisa fundamental desta guía é que a inmensa maioría dos accidentes e enfermidades profesionais son evitables mediante técnicas de prevención. Para difundila contarase coa

colaboración da Asociación Mar Seguro Galicia e as confrarías e estará dispoñible na páxina web do ISSGA.

Beatriz Mato entregou os diplomas ás máis de 180 traballadoras que finalizaron un dos 17 obradoiros de fisioterapia preventiva realizados en Galicia, unha experiencia que axuda a mellorar a saúde e seguridade laboral a través da aprendizaxe de técnicas preventivas, tales como ergonomía, respiración, estiramientos, potenciación de músculos e diferentes exercicios físicos.

Actualmente hai 4.000 persoas con permiso de marisqueo a pé en Galicia, o 85% mulleres. O obxectivo da Consellería pasa por contribuir á integración da prevención no día a día a través de “pequenas e fáciles melloras que van derivar nun aumento do benestar das traballadoras e das súas familias e, polo tanto, do conxunto da sociedade”.

O ISSGA conta con diversas iniciativas neste sentido como a análise de riscos e recoñecementos médicos que se fixo a mais de 1.000 mariscadoras e redeiras; a elaboración dun estudo epidemiolóxico no marisqueo a pé para detectar as causas das

enfermidades relacionadas co traballo no sector; ou a presentación, en 2012, da guía de boas prácticas no marisqueo a pé con pautas básicas para o seu traballo diario.

Así mesmo, estase a desenvolver a Escola de Saúde do ISSGA para mariscadoras, que se levará a cabo ata novembro. Grazas a esta iniciativa, os equipos médicos do ISSGA están a repetir os recoñecementos médicos a todas as mariscadoras e redeiras que o solicitan. E, ao mesmo tempo, impártense charlas en grupos de entre 12 e 15 profesionais do mar para sensibilizalas sobre a súa saúde e ensinarlles as medidas preventivas e bos hábitos que deben incorporar.

Plan estratéxico de prevención de riscos laborais

Todas estas actuacións coas traballadoras do mar enmárcanse no Plan estratéxico de prevención de riscos laborais 2011-2014 que foi un dos primeiros acordos alcanzados no diálogo social, un

plan que fai especial referencia ao sector pesqueiro e, en concreto, a aquelas actividades onde a presenza da muller é maior, como as mariscadoras e as redeiras.

Esta actuación xa está desenvolvida no 85% e, na actualidade, o reto pasa polo desenvolvemento dunha nova, que abrangería os anos 2015 a 2020, que deberá dar continuidade á que finaliza este ano e seguir establecendo melloras na seguridade e a saúde laboral tendo aos traballadores do mar como un colectivo de actuación fundamental.

Por último, Mato recordou que, fóra das actuacións do ISSGA, na Consellería entregáronse a preto de 250 redeiras os certificados de profesionalidade que recoñecen a súa experiencia en confección e mantemento de artes e aparellos, certificacións oficiais de validez estatal que acreditan os seus coñecementos e que melloran as súas posibilidades no terreo laboral.

<http://issga.xunta.es/portal/index.html>



Máis de 4.000 persoas teñen acadado un certificado de profesionalidade a través do recoñecemento da experiencia

Santiago, 6 de xuño de 2014.- Máis de 4.000 persoas teñen acadado un certificado de profesionalidade a través do procedemento de recoñecemento da experiencia profesional posto en marcha pola Consellería de Traballo e Benestar. A esta cifra, poderanse sumar a finais de ano ata 1.800 persoas máis, que son as que poderán participar na nova convocatoria que xa está en marcha.

Así o destacou a secretaria xeral técnica da Consellería de Traballo e Benestar, María Jesús Lorenzana, que participou, acompañada pola directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz, nun acto de entrega destas acreditacións. Ao acto asistiron unhas 600 persoas que participaron neste procedemento.

Os certificados de profesionalidade son documentos oficiais, con validez en todo o conxunto do Estado, que permiten “mellorar o currículo e, polo tanto, as posibilidades de acceder a un posto de traballo”, destacou Lorenzana. Pódese optar a estes certificados por dúas vías: por recoñecemento da experiencia laboral, ou ben a través dos cursos de formación.

Neste caso en concreto, o obxectivo é recoñecer os profesionais galegos “de gran valía”, que non teñen acreditada a súa experiencia laboral a través dun título. Un recoñecemento fundamental, especialmente tendo en conta que cada vez máis sectores –como o da atención social– están a establecer a necesidade de posuír formación acreditada para exercer unha profesión.

Por esta razón, Galicia puxo en marcha en 2011 a súa primeira convocatoria de recoñecemento da experiencia laboral, o que a situou como unha das comunidades autónomas pioneiras en impulsar este procedemento. Desde ese momento ata agora sucedéronse xa cinco convocatorias, que permitiron a acreditación dunhas 4.000 persoas.



- ▶ A secretaria xeral técnica da Consellería de Traballo e Benestar, María Jesús Lorenzana, e a directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz, participaron nun acto de entrega destas acreditacións
- ▶ Actualmente, xa está en marcha un novo proceso para recoñecer a “valía profesional” de 1.800 persoas máis
- ▶ En total, a Consellería de Traballo e Benestar ten habilitado procedementos de recoñecemento para un total de 12 cualificacións
- ▶ Desde 2011, Galicia é unha comunidade pioneira no impulso a este tipo de recoñecementos

Ata o momento, téñense ofertado 12 cualificacións distintas nos diferentes procedementos: atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais; atención sociosanitaria a persoas no domicilio; confección e mantemento de artes e aparellos; fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial; operacións básicas de restaurante e bar; cubertas

inclinadas; información xuvenil; servizos para o control de pragas; socorrismo en espazos acuáticos naturais; socorrismo en instalacións acuáticas; soldadura con electrodo revestido e TIG; e soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG.

En concreto, o acto estaba dirixido aos participantes da cuarta convocatoria que se acreditaron nalgunha das seguintes materias:

atención sociosanitaria, en institucións social ou a domicilio; información xuvenil; control de pragas; e socorrismo, tanto en espazos naturais como en instalacións.

Xa para rematar, Lorenzana destacou que a aposta da Consellería pola “formación de calidade e a acreditación” continuará co fin de seguir situando a Galicia á cabeza de España nesta materia.

<http://traballo.xunta.es/portada-reconecemento-experiencia-profesional>



Feijóo anuncia unha ampliación de ata 4,1 millóns do orzamento para formación dual que permitirá a formalización de 750 contratos

- ▶ Destaca que, por primeira vez, se poderán beneficiar destas axudas as entidades locais que realicen contratacións de formación e aprendizaxe
- ▶ Avanza que estas axudas suporán tamén vantaxes para as empresas que, ademais de poder contar con profesionais preparados, disporán durante a vixencia do contrato de reducións da cota empresarial da seguridade social, que van desde o 75% ao 100%
- ▶ Reitera que a creación de postos de traballo e a loita contra o desemprego, e moi especialmente contra o desemprego xuvenil, segue a ser unha das grandes prioridades da Xunta

Santiago, 12 de xuño de 2014.- O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, avanzou tras o Consello da Xunta a ampliación do programa que regula as axudas á formación dual, cun orzamento total de 4,1 millóns de euros que permitirá a formalización de 750 contratos. “Ampliamos en 3 millóns de euros o orzamento desta orde, que

chega así ata os 4,1 millóns e prorrogamos cinco meses o prazo de presentación de solicitudes ata o 15 de novembro”, explicou, ao que engadiu que poderán beneficiarse, por primeira vez, destas axudas as entidades locais que realicen contratacións de formación e aprendizaxe.

Ademais de incrementar o número de beneficiarios, “que

chegarán ao redor dos 750”, e de reforzar a colaboración entre Xunta e concellos para a creación de emprego, Feijóo fixo fincapé en que este contrato de formación incide sobre todo na loita contra o paro xuvenil ao estar dirixido especificamente a menores de 30 anos en situación de desemprego.

Así mesmo, e ademais de ofrecer a estes mozos unha formación certificada, mellorando a súa preparación e cualificación, estas axudas supoñen tamén vantaxes para as empresas que, ademais de poder contar con profesionais preparados, disporán durante a vixencia do contrato de reducións da cota empresarial da seguridade social, que van desde o 75% ao 100%.

Logo de precisar que a formación dual proporciona aos beneficiarios un contrato asociado a unha actividade formativa de calidade, cunha duración mínima dun ano, o responsable do Executivo autonómico reiterou que a creación de postos de traballo e a loita contra o desemprego, e moi especialmente contra o desemprego xuvenil, segue a ser unha das grandes prioridades da Xunta.

Sobre este último aspecto, Feijóo lembrou a posta en marcha do Plan de emprego xuvenil; unha folla de ruta específica que, dotada cun investimento de 100 millóns de euros nos próximos dous anos e cun paquete de 20 medidas, ten como destinatarios a 95.000 mozos galegos.

Preto do 80 por cento dos máis de 2.200 participantes nas probas de competencias clave acadaron o aprobado

- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar publicou os resultados definitivos na páxina web
- ▶ Estas probas diríxense ás persoas que non posúen os requisitos de formación básicos para acceder aos cursos con certificados de profesionalidade
- ▶ Con respecto ás convocatorias de 2013, a porcentaxe de participación aumentou un 10 por cento de media

Santiago, 20 de xuño de 2014.- Ao redor do 80 por cento dos máis de 2.200 participantes nas probas de competencias clave este ano acadaron o aprobado. A Consellería de Traballo e Benestar vén de publicar na súa páxina web os resultados definitivos destas probas que están dirixidas ás persoas que non posúen os requisitos de formación básica (ESO no caso do nivel 2, e Bacharelato no nivel 3) para acceder aos cursos vinculados aos certificados de profesionalidade. Con respecto ás convocatorias de 2013, a participación aumentou este ano un 10 por cento de media.

Este exames garanten que as persoas posúen os coñecementos e capacidades básicos para acceder a estas actividades formativas con aproveitamento, o que lles permitirá obter un certificado de profesionalidade con carácter oficial e alcance estatal.

Estas probas realizáronse o pasado día 24 de maio no recinto feiral de Silleda. A Consellería de Traballo e Benestar coas convocatorias destas probas de competencia clave reafirmase no seu propósito de fomentar a calidade da formación profesional para o emprego, xa que melloran o perfil profesional das persoas, motivándoas para progresar no

eido do emprego e na formación co obxectivo último de acadar a inserción profesional no mercado laboral.

No caso da avaliación do nivel 2, a porcentaxe de aptos chegou ao 84,95 por cento de media nas 4 competencias (lingua castelá, lingua galega, matemáticas e lingua inglesa). A

área con maior aprobados foi a de lingua castelá, seguida pola lingua galega, matemáticas e lingua inglesa.

Pola súa banda, a cifra de aprobados nas probas do nivel 3 foi do 73,67 por cento. Neste caso, e por orde, as áreas con mellores resultados foron: lingua galega, lingua castelá, matemáticas e inglés.

<http://traballo.xunta.es/portada-competencias-clave>



Informe do paro rexistrado

O paro baixa en xuño en 11.134 persoas en Galicia, o maior descenso intermensual da serie histórica desde 1996 en termos absolutos

Santiago, 2 de xullo de 2014.- Galicia pechou o mes de xuño con 11.134 parados menos que no mes de maio, o que en termos porcentuais se traduce nunha baixada do 4,23 por cento. Trátase do maior descenso da serie histórica nun mes de xuño en termos absolutos, isto é, desde o ano 1996.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz, valorou estas cifras e recordou que a comunidade presenta tamén unha diminución do paro a nivel interanual: 21.124 desempregados menos, un 7,73 por cento.

Así, este mes rexistrouse a oitava baixada interanual consecutiva, e a maior de todas elas, desde que comezase esta tendencia a finais do ano 2013. Grazas a esta evolución, "actualmente hai en Galicia uns 17.000 parados menos dos que había no mesmo mes de 2012, o que supón volver a niveis de desemprego de hai dous anos".

En España, o paro baixou en 122.684 persoas, un 2,68 por cento, ata situarse nos 4.449.701. En termos interanuais, o desemprego en España descendeu nun 6,59%.

Deste xeito, Galicia sitúase por riba da media estatal, tanto a nivel mensual como interanual.


Se se ten en conta a situación por comunidades autónomas a nivel mensual, Galicia ocupa o terceiro lugar entre as que máis baixan en termos relativos, e a cuarta se se computan as cifras absolutas.

Díaz López resaltou que a análise por sectores reflicte que, de novo, a maior diminución produciuse no sector servizos (-6.884); seguida pola construción (-1.740); a industria (-1.590); o colectivo sen emprego

anterior (-699); e a agricultura e a pesca (-221).

Por provincias, o paro baixou en todas elas. O maior descenso corresponde á da Coruña (-4.498); seguida por Pontevedra (-3.976); Lugo (-1.465) e Ourense (-1.195).

En canto aos contratos, en Galicia rexistráronse no mes de xuño un total de 74.217 contratos, 11.513 contratos máis que no mes anterior. Deste total, 5.401 foron indefinidos (7,28%) e 68.816 temporais (92,72%).



Parados mes	Variación relativa mensual		VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA (Mes en curso - igual mes do ano anterior)	
	Parados mes	Variación relativa mensual	Parados mes	Variación relativa mensual
Illes Balears	62.578	-7,75		
Cantabria	49.136	-4,72		
Galicia	252.310	-4,23		
Navarra	47.107	-4,17		
País Vasco	167.764	-4,06		
Castilla y León	218.619	-3,85		
Cataluña	570.214	-3,73		
Asturias	95.348	-3,30		
Aragón	98.836	-3,05		
Castilla-La Mancha	238.895	-3,02		
Madrid	505.428	-2,96		
La Rioja	24.738	-2,65		
Extremadura	134.650	-2,53		
Ceuta	12.962	-2,11		
Valencia	527.240	-1,90		
Canarias	270.059	-1,59		
Andalucía	1.022.986	-1,42		
Murcia	137.412	-1,09		
Melilla	13.419	4,80		
TOTAL	4.449.701	-2,68		

Año	Parados	Variación anual
2007-2006		-10.590
2008-2007	9.552	
2009-2008	47.532	
2010-2009	19.585	
2011-2010	13.732	
2012-2011	35.646	
2013-2012	4.231	
2014-2013	-21.124	

Xuventude e voluntariado

Máis de 200 voluntarios participarán este verán na campaña de voluntariado ambiental contra incendios forestais



Santiago, 25 de xuño de 2014.- Máis de 200 voluntarios de toda Galicia participarán este verán na campaña de voluntariado ambiental de prevención e defensa contra os incendios forestais, organizada conxuntamente polas consellerías de Traballo e Benestar e de Medio Rural e Mar.

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, e o secretario xeral de Medio Rural e Montes, Tomás Fernández-Couto, presentaron esta iniciativa nunha rolda de prensa en Santiago.

Ovidio Rodeiro explicou que este programa está ideado como un campo de traballo de 5 días de duración, no que grupos de 6 persoas voluntarias, coordinadas por un monitor, realizarán diferentes actividades de vixilancia, de coidado e de sensibilización sobre a necesidade de conservar os recursos forestais.

Permite canalizar, a través do voluntariado, a participación activa dos cidadáns no coñecemento e conservación do medio ambiente natural, así como axudar nas tarefas de recuperación dos montes afectados por incendios forestais. Tamén, cumprir cunha das liñas estratéxicas do III Plan galego de acción voluntaria 2011-2014, que é a consolidación dun programa estable de voluntariado

ambiental, mediante a colaboración de diferentes departamentos da administración autonómica.

Os grupos estarán situados en Santiago norte, Santiago sur, Lalín, Curtis, Ribeira, Vilar de Barrio e Bóveda dende o 30 de xuño ata o 5 de setembro. En total, neste programa desenvolveranse 1.015 xornadas de acción voluntaria para a prevención e defensa dos montes contra os incendios forestais.

As actividades que realizarán os participantes no programa foron establecidas polos técnicos forestais da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes. Os voluntarios recibirán unha formación inicial e participarán en actividades de vixilancia ambiental, de control de especies invasoras que poden aumentar o risco de incendio e de limpeza de devasas.

Os participantes tamén poderán colaborar na restauración de áreas incendiadas, na localización de vertedoiros incontrolados e na limpeza e caracterización de tramos fluviais. Tamén se fará en cada un dos territorios campañas de sensibilización sobre a importancia da conservación da masa forestal.

Poderán participar neste programa voluntarios e voluntarias maiores de idade ou mozos

- ▶ O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, e o secretario xeral de Medio Rural e Montes, Tomás Fernández-Couto, presentaron esta iniciativa nunha rolda de prensa en Santiago
- ▶ Os grupos estarán situados en Santiago norte, Santiago sur, Lalín, Curtis, Ribeira, Vilar de Barrio e Bóveda dende o 30 de xuño ata o 5 de setembro
- ▶ En total, neste programa desenvolveranse 1.015 xornadas de acción voluntaria para a prevención de defensa dos montes contra os incendios forestais
- ▶ Os voluntarios recibirán unha formación inicial e participarán en actividades de vixilancia ambiental, de control de especies invasoras que poden aumentar o risco de incendio e de limpeza de devasas

e mozas de 16 e 17 anos, este últimos con autorización paterna, materna ou do titor. O voluntariado ambiental de prevención e defensa contra os incendios forestais inclúe aloxamento en albergues en réxime de pensión completa, transporte durante as actividades e seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia

Ao finalizar a súa participación, os cidadáns obterán un certificado acreditativo da actividade desenvolvida, que será inscrita como experiencia voluntaria no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.

Pola súa banda, o secretario xeral do Medio Rural e Montes,

Tomás Fernández-Couto, destacou a importancia deste programa para encamiñar as inquedanzas sociais na loita contra os incendios forestais. Todo isto enmarcado, nun sentido máis amplo, na relevancia que ten o coñecemento e protección do medio natural.

Sinalou ademais que con este tipo de accións orientadas ao voluntariado faise unha correcta aplicación do que establece ao respecto o Plan de defensa contra incendios forestais (Pladiga 2014) e a normativa sobre a materia, que indica que no eido da vixilancia dos montes pode haber unha colaboración activa por parte do voluntariado.

<http://www.voluntariadogalego.org/web/>



Publicacións

Catálogo de publicacións na web

Últimas novidades:



BITEB. Boletín Informativo de Trabajo e Benestar maio 2014, nº 97

Publicación periódica mensual na que se recollen novas sobre as actuacións máis salientables da Xunta de Galicia nos eidos laboral e do benestar. Acompaña a publicación unha recompilación normativa de lexislación relacionada con estes ámbitos de carácter autonómico (DOG e diarios oficiais das restantes comunidades autónomas), estatal (BOE) e comunitario (DOUE).

Acceso:
http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BITEB_nx_97_Xuxo_2014.pdf

Publicacións editadas ou de próxima aparición:

- ▶ BITEB nº 97, xuño 2014
- ▶ Ficha do mercado laboral galego. 2014
- ▶ Fichas provinciais do mercado laboral galego. 2014
- ▶ Fichas dos colectivos no mercado laboral galego. 2014
- ▶ Fichas comarcais do mercado laboral galego. 2014
- ▶ O camiño da prevención de riscos na empresa. Os Atende do Issga. Agro
- ▶ Guía técnica ISSGA - Prevención de riscos ergonómicos. Actividade da distribución de alimentación
- ▶ Equipo de traballo. Os lembra do Issga. Pesca
- ▶ Consellería de Trabajo e Benestar. Memoria 2013
- ▶ Portal de produtos de apoio axudas técnicas
- ▶ Programa de teleasistencia domiciliaria
- ▶ Programa de localización e control voluntario de persoas en situación de especial vulnerabilidade "acompañote"
- ▶ Programa de teleasistencia avanzada "Miavizor".



Consellería de Trabajo e Benestar. Memoria 2013

Memoria que con carácter anual edita a Consellería de Trabajo e Benestar coas actuacións máis salientables da consellería no ano en curso.

A publicación estrutúrase en tantos capítulos como ámbitos de actuación abarca a excepción do primeiro capítulo no que se analizan temas de carácter máis transversal como estrutura orgánica, competencias, publicacións e estatísticas, etc.

Acceso:
http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Memoria_2013.pdf



Inserción laboral da formación para o emprego

O obxectivo principal deste informe é a análise da inserción laboral dos alumnos formados nas accións formativas dirixidas ao colectivo de desempregados. Partimos dos resultados descritos para aqueles alumnos que obtiveron o seu certificado acreditativo e consideramos inseridos os que conseguiron un contrato laboral en datas posteriores á realización do curso.

O ámbito xeográfico é Galicia, con resultados desagregados por provincias e comarcas, tendo en conta o domicilio do centro impartidor. O informe desenvolve os resultados da inserción dos alumnos formados agrupados por familia profesional e distribuídos

en función de diversas variables: sexo, idade, nivel académico, tipoloxía da contratación, actividade económica e grupos ocupacionais.


Acceso:
http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Insercion_laboral_formacixn_emrego_2012.pdf



Informe de actividade. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)

Recóllense as principais liñas de actuación do Issga do ano en curso. O documento estrutúrase en sete puntos: estrutura e organización, recursos, actividade institucional, relacións con outros organismos, actuación técnica, directorio e anexos.

Acceso:
http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Insercion_laboral_formacixn_emrego_2012.pdf



Sinistralidade Laboral. Galicia

Publicación de periodicidade anual dedicada á estatística descritiva da sinistralidade laboral en Galicia. Elabórase coa información obtida dos partes de accidentes de traballo e enfermidades profesionais notificados á autoridade laboral galega. A explotación estatística realízase clasificando os accidentes segundo o grao da lesión e outras variables como sectores de actividade, natureza da lesión, etc. Tamén se ten en conta os accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, indicándose de xeito separado, o número de accidentes in itinere. A información agrúpase en cinco epígrafes: accidentes de traballo con baixa, accidentes de traballo mortais, enfermidades profesionais, variación interanual dos accidentes con baixa en xornada de traballo nos últimos dez anos e índices de incidencia.

Acceso:
http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Sinistralidade_laboral_Galicia_2013.pdf



Accidentes laborais no sector agrario

Entre os obxectivos do Plan estratéxico de prevención de riscos laborais 2011-2014 está o de analizar os accidentes laborais e difundir os seus resultados. A modo de fichas coleccionables, editase esta ferramenta divulgativa na que se seleccionan aqueles accidentes laborais máis representativos no sector agrario. A información sintetízase en catro epígrafes: unha descrición da actividade, o accidente de traballo, as súas causas e as medidas de prevención que se deberon adoptar. O obxectivo é sensibilizar os traballadores e empresarios sobre situacións reais e divulgar as medidas preventivas que evitarían estes accidentes.

Acceso galego:
http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Fichas_investigacion_acctes_agro_gal.pdf
 Acceso castelán:
http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Fichas_investigacion_acctes_laborales_agro_cas.pdf

<http://traballo.xunta.es/publicacions-recursos?activo2=sop4>



Publicacións

Catálogo de publicacións na web

Últimas novidades:



Fichas dos colectivos no mercado laboral galego

Publicación periódica de carácter anual na que se nos dá información sobre as variables básicas que determinan a estrutura do mercado laboral dos seguintes colectivos: mulleres traballadoras, menores de 30 anos, maiores de 54 anos e estranxeiros. O obxectivo é que sirva de fundamento para a instrumentación de políticas orientadas á mellora da situación do mercado de traballo.

► Acceso:

<http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/ficha-colectivos.pdf>



Ficha do Mercado Laboral Galego

A través de fichas, esta publicación danos un estudo polo miúdo do mercado laboral na Comunidade Autónoma de Galicia, achegando datos de poboación, paro rexistrado e contratación.

► Acceso:

<http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/ficha-colectivos.pdf>



Fichas provinciais do Mercado Laboral Galego

Información estruturada a través de fichas nas que se nos proporciona un estudo polo miúdo do mercado laboral galego nas 4 provincias da Comunidade Autónoma de Galicia achegando datos de poboación, paro rexistrado e contratación.

► Acceso:

<http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/ficha-provincial.pdf>




Fichas comarcais do mercado laboral galego

Información estruturada a través de fichas nas que se nos proporciona un estudo pormenorizado do mercado laboral galego nas 53 comarcas da Comunidade Autónoma de Galicia e nas que se achegan datos de poboación, paro rexistrado e contratación.

► Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/ficha_comarcal_mercado_laboral_2014.pdf



Profesións reguladas : análise das profesións reguladas e as súas posibles vinculacións cos certificados de profesionalidade das distintas familias formativas. Actualización maio 2014

Publicación periódica na que se recolle un amplo inventario de ocupacións que requiren dunha habilitación profesional para traballar. Aparecen referencias normativas, encadre dentro dunha familia profesional e, se é o caso, a posibilidade de adquirir algunha delas a través de certificados de profesionalidade.

O informe actualízase, sempre e cando se produzan cambios normativos que modifiquen o amplíen este contido.

► Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Profesionsreguladas.Act_maio_2014.pdf

DOG

- Corrección de erros. Orde do 16 de abril de 2014 pola que se regulan as condicións dos ingresos e traslados en servizos prestados en centros propios ou concertados, no ámbito da atención á dependencia e da promoción da autonomía persoal. (DOG nº 103, do 02.06.2014).
- Resolución do 8 de maio de 2014, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se fai público o esgotamento do crédito orzamentario e se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 19 de agosto de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013 (Diario Oficial de Galicia número 159, do 22 de agosto). (DOG nº 103, do 02.06.2014).
- Corrección de erros. Decreto 57/2014, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia. (DOG nº 104, do 03.06.2014).
- Orde do 30 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga, e se aproba a convocatoria para o ano 2014. (DOG nº 104, do 03.06.2014).
- Orde do 21 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación das persoas traballadoras, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. (DOG nº 105, do 04.06.2014).
- Orde do 30 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. (DOG nº 110, do 11.06.2014).
- Corrección de erros. Orde do 7 de maio de 2014 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e se procede á convocatoria para o ano 2014. (DOG nº 111, do 12.06.2014).
- Orde do 30 de maio de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. (DOG nº 111, do 12.06.2014).
